

**Deputación
DA CORUÑA**

ARQUITECTURA E MANTEMENTO

Expediente: 2024000014337

Asunto: Modificación RPT ARQUITECTURA E MANTEMENTO 2024

Proponse realizar os cambios necesarios e urxentes para dotar a este Servizo dunha nova estrutura de funcionamento máis operativa que coordine de forma adecuada o traballos dos postos do propio Servizo e dos operarios das distintas empresas contratadas para o mantemento nos edificios da Deputación (instalacións técnicas, xardinería, control de plagas, limpeza, mudanzas etc)

Proponse deseñar unha estrutura e organigrama novo para o Servizo de Arquitectura e Mantemento cunha proposta ao Servizo de Planificación y Xestión de Recursos Humanos, indicando os postos de nova creación e os que poidan transformarse ou amortizarse.

Despois de realizar as oportunas consultas co persoal do Servizo achego unha proposta do novo organigrama, cunha estrutura en base a unha Xefatura de Servizo e dúas Seccións (Arquitectura e Mantemento).

Para implementar esta estrutura propóñense os seguintes cambios:

- Creación da praza de Xefatura de Sección de Mantemento
- Amortización da praza de Operario de Oficos varios vacante E 1.1.131.1
- Creación da Xefatura de Negociado de Instalacións, coa transformación dunha das prazas de Coordinador/a C1 1.1.402.1
- Igualación dos postos de Delineante Coordinador (pois ambos os postos se desprazan polos distintos centros da Deputación coordinando actuacións sobre o mobiliario, equipamento e sinalética)



ARQUITECTURA E MANTEMENTO

Para unha áxil coordinación distribúese a estrutura en tres ramas dependendo directamente da Xefatura de Servizo aqueles postos que traballan de forma máis transversal nas distintas áreas e con dependencia directa da súa Xefatura de Sección para aqueles postos que traballan de forma separada no campo da edificación ou das instalacións técnicas.

Finalmente, considero que se debería aproveitar o cambio do organigrama para corrixir a situación do operario de Servizos de Mariñán (C1/C2 1.1.336.1) pois aínda que non se formulase correctamente, a intención era modificar o seu centro de traballo do Pazo Provincial ao Pazo de Mariñán e que se mantivese no organigrama deste Servizo nas mesmas condicións que están os operarios vinculados funcionalmente a outros centros (Centro de Menores de Ferrol e Complexo Rosalía Mera).

A Coruña, 20 de marzo de 2024

O Xefe de Servizo de Arquitectura e Mantemento

Daniel Beiras García-Sabell
(asinado dixitalmente)